

ORDENANZA FISCAL Nº 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

(BOP.13-12-1989)

Artigo 1.º

De conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable neste concello queda fixado no mínimo.

Artigo 2.º

1. O pago do imposto acreditarase mediante recibos tributarios.

Artigo 3.º

1. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar da data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo Concello ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.
2. Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4.º

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do segundo semestre de cada exercicio.
2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ó imposto que se achen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.
3. O padrón ou matrícula do imposto exporase ó público polo prazo de QUINCE DÍAS hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no “Boletín Oficial da Provincia” e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5.º

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 4.^a, da Sección 3.^a do Capítulo II da citada Lei 39/1988, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6: Bonificacións. (BOP Nº.68 de 24-03-2004)

Establécese unha bonificación do 100 por 100 na cota deste imposto, para aqueles vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñece, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

ARTIGO 7. Modificación BOP Nº 126 de 4 de xuño de 2005.

No caso de que o vehículo se destine simultaneamente para o transporte de carga e persoas (vehículos mixtos adaptables, furgonetas, vehículos todo terreno etc) tributarán da seguinte maneira:

1. Mais de 9 persoas, incluído o conductor, tributará como autobús.
2. Menos de 9 persoas tributará como camión.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza fiscal, a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 14 de marzo de 2005, entrará en vigor o mesmo día o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As persoas ou entidades que na data de comezo de aplicación do presente imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no Imposto Municipal sobre Circulación de Vehículos, continuarán no disfrute dos mesmos no imposto citado en primeiro termo ata a data da extinción de ditos beneficios e, no caso de que os mesmos non tiveran termo de disfrute, ata o 31 de decembro de 1992, inclusive.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o catro de outubro de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.